

Acordo de 16 de decembro de 2025, de Consello de Goberno, polo que se aproba a Normativa dos programas académicos con percorrido sucesivo (PARS) da Universidade da Coruña

PREÁMBULO	1
CAPÍTULO I. Disposicións xerais	2
Artigo 1. Obxecto	2
Artigo 2. Definición	2
Artigo 3. Denominación do PARS	3
CAPÍTULO II. Creación e aprobación	3
Artigo 4. Proposta de creación	3
Artigo 5. Tramitación e aprobación	4
Artigo 6. Modificación e extinción dun PARS	4
CAPÍTULO III. Acceso ao PARS e matrícula	5
Artigo 7. Solicitude de admisión	5
Artigo 8. Acceso	5
Artigo 9. Criterios de prelación	5
Artigo 10. Matrícula	5
CAPÍTULO IV. Permanencia, renuncia, perda da condición de estudante dun PARS e obtención do título	6
Artigo 11. Permanencia	6
Artigo 12. Renuncia ou perda da condición	6
Artigo 13. Obtención do título	6
CAPÍTULO V. Seguimento e garantía da calidade	6
Artigo 14. Seguimento e garantía de calidade	6
Disposición transitoria única. Presentación de solicitudes para o curso 2026/27	6
Disposición final primeira. Habilitación para o desenvolvemento desta normativa	7
Disposición final segunda. Entrada en vigor	7

PREÁMBULO

De conformidade coa disposición adicional novena do Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade, as universidades poden ofrecer programas académicos con percorridos sucesivos no ámbito da enxeñaría e a arquitectura. Estes programas vinculan un título de grao e un título de mestrado



universitario orientado á especialización profesional, mantendo en todo caso a súa diferenciación e independencia estrutural.

Os programas académicos con percorrido sucesivo teñen como finalidade facilitar itinerarios formativos integrados entre titulacións oficiais de grao e mestrado universitario garantindo a coherencia académica, a calidade docente e a continuidade da aprendizaxe.

Co obxectivo de favorecer o estudantado da Universidade da Coruña que está a piques de rematar os seus estudos de grao e desexa continuar a súa formación con estudos de mestrado, resulta necesario regular tanto proposta como a xestión destes programas, dentro do marco legal vixente.

A Universidade da Coruña, no exercicio da súa autonomía, mantén desde hai anos unha regulación que lle permite un acceso condicionado aos estudos de mestrado ao estudantado que ten un número reducido de créditos pendentes para rematar o grao. Á vista da súa oferta de estudos de grao e mestrado universitario no ámbito da enxeñaría e a arquitectura, e en coherencia coa normativa de progreso e permanencia nos estudos, coa normativa de matrícula e co resto de disposicións internas, apróbase esta normativa de programas académicos con percorrido sucesivo.

CAPÍTULO I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

1. Esta normativa ten por obxecto regular o procedemento de creación, aprobación, implantación, xestión, seguimento, modificación e extinción dos programas académicos con percorrido sucesivo (PARS) da Universidade da Coruña (UDC).
2. Este proceso realízase de conformidade, dun lado, co Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanza universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade; e, do outro, co Protocolo da Rede Española de Axencias de Calidade Universitaria (REACU) para a avaliación dos programas académicos con percorridos sucesivos, aplicable a través da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).

Artigo 2. Definición

1. Un PARS será un itinerario formativo que integre, de forma coordinada, unha titulación oficial de grao e unha titulación oficial de mestrado universitario da UDC. Este itinerario permitirá o acceso anticipado a un mestrado antes da superación completa dun grao, nos termos que se establecen nesta normativa e na normativa estatal aplicable. En ningún caso suporá a creación dunha nova titulación nin implicará unha nova inscrición no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT), e a súa implantación requirirá o informe previo favorable da ACSUG.
2. Cada PARS deberá acreditar a coherencia competencial e académica entre as titulacións que o integran, ao tempo que manteñen a súa diferenciación e independencia



estrutural. Deberá garantirse que a formación adquirida no grao sustenta de maneira suficiente as competencias do mestrado.

Artigo 3. Denominación do PARS

1. A denominación oficial do PARS non poderá inducir a confusión respecto da habilitación profesional asociada aos títulos que o integran.

Para tal efecto, deberá seguir esta fórmula: «Programa académico con percorrido sucesivo en M vía G», en que M é a denominación específica do mestrado universitario vinculado e G é a denominación específica do grao correspondente.

2. Esta denominación terá que empregarse en toda a documentación oficial, administrativa e informativa do PARS.

CAPÍTULO II. Creación e aprobación

Artigo 4. Proposta de creación

1. A dirección do centro que se responsabilizará do PARS presentará a súa proposta ante a vicerreitoría con competencias en materia de titulacións dentro do calendario establecido para este procedemento.

Esta proposta deberá contar coa aprobación previa da xunta do centro responsable do grao e do mestrado vencellados, e cos informes precedentes das respectivas comisións académicas.

2. A solicitude deberá incluír como mínimo:

- a) a denominación do PARS;
- b) o código RUCT e a denominación das titulacións que o integrarán;
- c) os créditos ECTS totais do PARS, resultantes da suma dos créditos do grao e do mestrado;
- d) a(s) orde(s) CIN e a(s) profesión(s) regulada(s) para a(s) que habilita(n), de ser o caso;
- e) o centro responsable do PARS e os centros responsables de cada título;
- f) a data de aprobación da solicitude pola xunta do centro;
- g) o número de prazas que se ofrecerán anualmente, que non poderá supor un incremento das prazas autorizadas nas titulacións vencelladas.

3. A solicitude terá que ir acompañada dunha memoria conforme o modelo establecido pola UDC, que inclúa, como mínimo:

- a) a denominación do PARS e a identificación dos títulos vencellados e o centro responsable;
- b) o deseño do PARS, coa xustificación da súa coherencia e unidade académica e competencial;



- c) a xustificación da viabilidade e do interese académico e social do PARS;
- d) a xustificación da viabilidade do programa en termos da capacidade docente do profesorado dos títulos vencellados, tendo en conta que o PARS non poderá implicar un incremento do persoal nin supoñer custos económicos adicionais para a UDC;
- e) o procedemento e os criterios de admisión para os diferentes perfís de acceso do estudiantado;
- f) os mecanismos de coordinación e articulación dos traballos de fin de grao (TFG) e dos traballos de fin de mestrado (TFM), que deberán manter a súa diferenciación;
- g) a identificación e a xustificación das materias de grao que poderán quedar pendentes para permitir a matrícula no mestrado que forme parte do PARS, tendo en conta que o número máximo de créditos pendentes será de 30 ECTS, incluído o TFG.

Artigo 5. Tramitación e aprobación

1. As solicitudes de creación e implantación dos PARS dos centros terá que aprobalas o Consello de Goberno da UDC, logo do informe favorable da Comisión de Plans de Estudo e dos servizos competentes.
2. Unha vez o Consello de Goberno aprobe a solicitude, a vicerreitoría con competencias en materia de titulacións remitiralle á ACSUG, conforme o procedemento establecido por esta axencia, a documentación necesaria para obter o informe favorable preceptivo previo á implantación do programa.
3. Cando se reciba o informe favorable da ACSUG, o PARS será publicado no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC e na páxina web do centro responsable.

Artigo 6. Modificación e extinción dun PARS

1. A solicitude de modificación dun PARS terá que seguir o procedemento establecido nos artigos 4 e 5, adaptando as fases e os requisitos ao carácter dunha modificación do programa.
2. A solicitude de extinción dun PARS presentaraa o centro responsable, coa aprobación da súa xunta de centro, logo do informe das comisións académicas de grao e mestrado correspondentes. Esta solicitude deberá incluír medidas transitorias que garantan os dereitos académicos do estudiantado admitido, de tal xeito que poida finalizar os seus estudos en condicións equivalentes ás inicialmente previstas.

No caso de existir un desacordo entre as comisións académicas ou entre os centros responsables das titulacións de grao e mestrado implicadas, remitiráselle un informe motivado xunto coa solicitude á vicerreitoría con competencias en materia de titulacións e internacionalización, para que a Comisión de Plans de Estudo o valore e resolva.

A extinción dun PARS será aprobada polo Consello de Goberno, despois do informe da Comisión de Plans de Estudo.



CAPÍTULO III. Acceso ao PARS e matrícula

Artigo 7. Solicitud de admisión

1. As solicitudes de admisión nun PARS presentaranse segundo o recollido na normativa de preinscrición e matrícula da UDC.
2. As persoas admitidas deberán completar o procedemento ordinario de matrícula do grao e do mestrado, segundo o establecido no artigo 10 deste documento.

Artigo 8. Acceso

1. O estudantado matriculado nas titulacións que integren un PARS rexerase polas mesmas normas que o resto de estudantes de grao e mestrado.
2. O estudantado dun grao que forme parte dun PARS poderá ser admitido no mestrado vencellado cando teña pendente de superar un máximo de 30 ECTS, incluído o TFG, e cumpra os requisitos específicos de admisión establecidos na memoria verificada do mestrado, salvo o de estar en posesión do título de grao.
3. Aquele estudantado que curse un grao incluído nun PARS non terá reserva de praza nin acceso preferente a ningún mestrado pertencente a un PARS.

Artigo 9. Criterios de prelación

1. Terá prioridade na admisión e a matrícula o estudantado que estea en posesión do título oficial de grao. A comisión académica do mestrado vencellado ao PARS resolverá en primeiro lugar as solicitudes destas persoas.
2. Se quedan prazas vacantes e o número de solicitudes supera as prazas dispoñibles, as solicitudes ordenaranse de acordo cos seguintes criterios:
 - a) En primeiro lugar, os créditos superados: daráselles prioridade ás materias obrigatorias sobre as optativas.
 - b) En segundo lugar, a nota media ponderada do expediente académico do grao, calculada conforme a normativa da UDC, en caso de empate.

Artigo 10. Matrícula

1. O estudantado admitido nun mestrado que forme parte dun PARS poderá matricularse nas materias do devandito mestrado despois de matricularse en todas as materias de grao pendentes, sempre dentro dos límites de dedicación establecidos pola normativa de matrícula da UDC.
2. A dirección do centro a que estea adscrito o PARS velará para evitar que se produzan incompatibilidades horarias entre as materias de grao e mestrado do programa.



CAPÍTULO IV. Permanencia, renuncia, perda da condición de estudante dun PARS e obtención do título

Artigo 11. Permanencia

1. O estudantado dun PARS rexerase pola normativa de progreso e permanencia da UDC, coas particularidades establecidas nesta normativa.
2. No momento en que o estudantado cumpra os requisitos para obter o título de grao e solicite a súa expedición, pasará a rexerse exclusivamente polas normativas aplicables aos estudos de mestrado, sen prexuízo de continuar formando parte do PARS.

Artigo 12. Renuncia ou perda da condición

1. O estudantado poderá renunciar voluntariamente á súa participación no PARS, e conservar, de ser o caso, a súa condición de estudante de grao. As materias do mestrado superadas incorporaranse ao seu expediente académico, e poderá solicitar o acceso ao mestrado pola vía ordinaria cando cumpra os requisitos establecidos.
2. Perderá tamén a condición de estudante no PARS quen non cumpra os requisitos de acceso ao mestrado ou quen non finalice o grao no prazo máximo establecido na normativa de permanencia. Esta perda non impedirá continuar os estudos de grao nin solicitar posteriormente o acceso ao mestrado pola vía ordinaria.

Artigo 13. Obtención do título

1. O estudantado non poderá obter o título de mestrado universitario en ningún caso sen atinxir previamente o título oficial de graduada/o no grao vinculado no programa.
2. Superar o PARS non implica a obtención dun título conxunto para os estudos de grao e mestrado vencellados. O estudantado deberá solicitar a expedición dos títulos de grao e mestrado de forma independente.

CAPÍTULO V. Seguimento e garantía da calidade

Artigo 14. Seguimento e garantía de calidade

1. Os PARS estarán suxeitos ao sistema interno de garantía da calidade de cada un dos títulos que os conforman.
2. De haber algún conflito entre ambos, resolverao a comisión de garantía da calidade do centro a que estea adscrito o PARS.

Disposición transitoria única. Presentación de solicitudes para o curso 2026/27

Con carácter excepcional, no curso académico 2025/26 poderanse presentar solicitudes de creación de PARS ata o 10 de febreiro de 2026, co fin de garantir que a ACSUG os avalíe antes da súa implantación no curso 2026/27.



Disposición final primeira. Habilitación para o desenvolvemento desta normativa.

Habilítase a vicerreitoría con competencias en materia de titulacións para desenvolver e interpretar as dúbidas que poidan xurdir da aplicación desta normativa. Farao mediante as instrucións que sexan oportunas, que deberán ser publicadas no TEO da UDC no caso de ter alcance xeral.

Disposición final segunda. Entrada en vigor

Esta normativa entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no TEO da UDC.

O reitor

Ricardo José Cao Abad